

# **MEMORIA ECONÓMICA 2000**



**UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE  
COMPOSTELA**

**ELABORADA POR:**

- Vicerrectorado de Asuntos Económicos
- Servicio de Contabilidad e Presupostos
  - Servicio de Control Interno
  - Servicio de Xestión Económica

**COORDINACIÓN E DIRECCIÓN:**

- Vicerrectorado de Asuntos Económicos

## ÍNDICE

|  |            |
|--|------------|
| <b>INTRODUCCIÓN</b> .....  | <b>5</b>   |
| <b>PRIMEIRA PARTE: ANÁLISE DAS CONTAS DO EXERCICIO</b> .....                       | <b>7</b>   |
| <b>1. ANÁLISE DAS CONTAS DO EXERCICIO</b> .....                                    | <b>8</b>   |
| 1.1. LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO DE INGRESOS .....                                   | 8          |
| 1.1.1. COMENTARIOS XERAIS Á LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO DE INGRESOS.....             | 8          |
| 1.1.2. COMENTARIOS PARTICULARES ÓS INGRESOS DE CADA CAPÍTULO<br>PRESUPOSTARIO..... | 12         |
| 1.1.3. PRESUPOSTO DE INGRESOS. EXERCICIOS ANTERIORES. ....                         | 21         |
| 1.2. LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO DE GASTOS .....                                     | 22         |
| 1.1.4. COMENTARIOS XERAIS Á LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO DE GASTOS. ....              | 22         |
| 1.1.5. COMENTARIOS PARTICULARES ÓS GASTOS DE CADA CAPÍTULO<br>PRESUPOSTARIO. ....  | 25         |
| 1.2.3. PROBAS DE ACCESO 2000.....  | 32         |
| 1.2.4. GASTOS DE EXERCICIOS CERRADOS.....  | 32         |
| 1.3. RESULTADOS PRESUPOSTARIOS .....   | 33         |
| 1.3.1. ESTADO DA TESOURERÍA.....   | 33         |
| 1.3.2. ESTADO DO REMANENTE DE TESOURERÍA. ....                                     | 33         |
| 1.3.3. RESULTADOS. ....  | 34         |
| 1.4. BALANCE DE SITUACIÓN. ....  | 35         |
| 1.5. CONTA DO RESULTADO ECONÓMICO-PATRIMONIAL E CADRO DE<br>FINANCIAMENTO. ....    | 36         |
| <b>SEGUNDA PARTE MEMORIA DE XESTIÓN</b> .....                                      | <b>39</b>  |
| 2.1. MEMORIA DE XESTIÓN.....   | 40         |
| 2.2. CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA .....   | 82         |
| 2.2.1. XESTIÓN DO PATRIMONIO .....   | 109        |
| <b>ANEXO</b> .....   | <b>119</b> |
| CRÉDITOS INCORPORADOS DE 2000 A 2001.....  | 120        |



# **INTRODUCCIÓN**

Na presente Memoria Económica da Universidade de Santiago de Compostela (USC) reproducécese o estado de liquidación do presuposto, o balance de situación e a conta de resultados económico-patrimonial a 31 de decembro de 2000, ofrecéndose tamén unha completa información acerca da evolución das magnitudes máis significativas e actuacións máis relevantes, que sexa de utilidade non só ós órganos de control interno e externo da súa actividade, senón tamén, con carácter xeral, a cantos se vexan afectados dunha maneira ou outra pola súa actividade económico-financeira.

A preparación e presentación da ampla documentación financeira, contable e estatística que aparece nesta Memoria elaborouse con criterios analíticos de máxima obxectividade, detalle, claridade informativa e homoxeneidade no tempo, a partir dos estados financeiros presentados de acordo coas normas establecidas no Plan General de Contabilidad Pública, de forma que trate de mostra-la imaxe fiel da situación financeira da USC respecto ós seus activos e pasivos, así como dos resultados das operacións realizadas e dos recursos obtidos e aplicados durante o exercicio.

O último ano do século XX, ó que se refire esta Memoria Económica, ó igual que nos últimos exercicios, conseguiuase manter en todo momento o equilibrio financeiro da USC, que permitiu un desenvolvemento estable e harmónico. Pero eso só é posible porque se cumpriron e mantiveron en cada momento os principios financeiros ortodoxos a nivel de xestión financeira. Desde un punto de vista financeiro hai equilibrio cando existe posibilidade de satisfacer os gastos e obrigas contraídas ós seus respectivos vencementos. De feito, o remanente de tesourería non afectado do exercicio 2000 foi positivo en 13,5 millóns de pesetas.

O activo total da USC, a 31 de decembro de 2000, sitúase xa en 70.349 millóns de pesetas (422,81 millóns de euros), o que supón a incorporación de 741 millóns de pesetas (4,45 millóns de euros) adicionais no exercicio 2000. Os recursos propios ascenden a 64.277 millóns de pesetas (386,31 millóns de euros), fronte ós 63.243 millóns de pesetas (380,10 millóns de euros) do ano anterior e o resultado positivo do exercicio foi de 1.034 millóns de pesetas (6,21 millóns de euros).

O gasto presupostario, en termos de obrigas contraídas, ascende a 26.880 millóns de pesetas (161,55 millóns de euros), experimentando unha variación absoluta de 1.070 millóns de pesetas (6,43 millóns de euros) en relación ó exercicio anterior (25.810 millóns de pesetas equivalentes a 155,12 millóns de euros) e unha variación relativa do 4,15%. O remanente de crédito, obtido como diferenza entre o orzamento definitivo e as obrigas contraídas, foi de 6.433 millóns de pesetas (38,66 millóns de euros).

As previsións definitivas de ingresos acadaron os 26.216,52 millóns de pesetas (157,56 millóns de euros), sendo os dereitos recoñecidos de 25.833,55 millóns de pesetas (155,26 millóns de euros). O grao de execución do presuposto de ingresos foi do 98,54%; en cambio, a execución do presuposto de gastos foi inferior, o 80,69%. O resultado das operacións correntes, cun saldo positivo de 3.026,33 millóns de pesetas (18,19 millóns de euros), permitiu cubri-lo déficit das operacións de capital.

Os créditos xestionados descentralizadamente para o funcionamento dos Centros Docentes, Departamentos, Institutos de Investigación e Servicios Universitarios, acadan un total de 15.644 millóns de pesetas (94,02 millóns de euros), para un total de 1.488 centros de gasto.

Na segunda parte da memoria de xestión infórmase dos expedientes de contratación xestionados no exercicio, con independencia do procedemento e forma de adxudicación, co que se dá cumprimento ó mandato contido no artigo 166 dos Estatutos da USC de informar á Xunta de Goberno e ó Consello Social do resultado da contratación.

Esta é, en apretada síntese, a realidade última que ofrece a xestión económico-financeira da nosa institución no ano 2000. Os resultados presentados non poden, sen embargo, levarnos á autocomplacencia, polo que, á vez que a USC desexa facer patente a súa gratitude a todo o persoal, docente e non docente, pola cantidade e calidade dos servicios prestados con tanta competencia e abnegación, solicita o mesmo comportamento nos vindeiros anos, o que nos permitirá conxugar un mellor servicio á sociedade cunha eficiencia superior, pero mantendo unha economía saneada e dinámica para que a USC siga sendo unha institución solvente.

**PRIMEIRA PARTE:  
ANÁLISE DAS CONTAS DO  
EXERCÍCIO**

# 1. ANÁLISE DAS CONTAS DO EXERCICIO

## 1.1. LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO DE INGRESOS

### 1.1.1. COMENTARIOS XERAIS Á LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO DE INGRESOS.

O presuposto de ingresos de 2000 da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC) liquidase cuns dereitos recoñecidos por importe de 25.833,55 millóns de pesetas, o que representa unha diminución en termos absolutos de 835,07 millóns con respecto ós do exercicio anterior (26.668,62 millóns), equivalente a **unha taxa de variación do -3,13%**. Este descenso é explicable porque no exercicio 1999 computábanse ingresos por variación de activos financeiros en concepto de préstamo para o Programa de Optimización enerxética por importe de 1.298 millóns de pesetas, e no exercicio 2000 non existen ingresos por ese concepto. Descontando este efecto –ou sexa tendo en conta só os ingresos non financeiros– a taxa de variación dos ingresos sería positiva en 1,82% (25.370,62 millóns de pesetas de dereitos recoñecidos en 1999 fronte a 25.833,55 millóns en 2000).

Resulta a fin de exercicio un **déficit dos dereitos recoñecidos con respecto ás previsións de 382,97 millóns de pesetas** como pode observarse no cadro 1. O desfase máis notable prodúcese no “capítulo 3.Prezos públicos e outros ingresos” e, en concreto, na liquidación de prezos de matrícula que resultou ser inferior nun 9,46% á prevista inicialmente.

As previsións iniciais de ingresos incrementáronse por operacións de **financiamento acadado durante o exercicio** en 1.666,95 millóns de pesetas, o que significa en termos porcentuais o 6,93% respecto ás previsións iniciais. Para o cálculo das cifras anteriores descóntanse os aumentos de previsións derivados de incorporación de remanentes do ano 1999 e da facturación interna (505,35 millóns).

O igual que en Memorias de anos anteriores, estas cifras serán desagregadas polo miúdo ó longo deste apartado, pero antes, indicaremos algunhas notas xerais que nos semellan de interese, referidas ás distintas fontes de financiamento dos ingresos da USC, clasificadas por capítulo presupostario.

**CADRO 1: LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO DE INGRESOS (en millóns de ptas.)**

| CAPÍTULO   | PREVISIONS INICIAIS | PREVISIONS DEFINITIVAS | DEREITOS RECOÑECIDOS | INGRESADO        | PENDENTE DE INGRESO | DEREITOS RECOÑECIDOS MENOS PREVISIONS DEFINITIVAS |
|--|---------------------|------------------------|----------------------|------------------|---------------------|---|
| III Prezos públicos e outros ingresos                        | 4.629,60            | 6.917,34               | 6.594,75             | 4.923,36         | 1.671,39            | -322,59   |
| IV Transferencias correntes                                  | 15.101,00           | 15.636,24              | 15.632,05            | 15.275,31        | 356,74              | -4,19   |
| V Ingresos patrimoniais                                      | 90,00               | 98,20                  | 106,93               | 91,01            | 15,92               | 8,73  |
| VII Transferencias de capital                                | 4.223,62            | 3.564,74               | 3.499,82             | 1.769,10         | 1.730,72            | -64,92  |
| <b>SUBTOTALS</b>   | <b>24.044,22</b>    | <b>26.216,52</b>       | <b>25.833,55</b>     | <b>22.058,78</b> | <b>3.774,77</b>     | <b>-382,97</b>                                    |
| VIII Variación activos financeiros (remanente de Tesourería) | 1.501,33            | 7.097,03               |                      |                  |                     |   |
| <b>TOTAIS</b>  | <b>25.545,55</b>    | <b>33.313,55</b>       |                      |                  |                     | <b>DÉFICIT: 382,97 MILLÓNS DE PESETAS</b>         |

| CAPÍTULO                              | DEREITOS RECOÑECIDOS | % SOBRE TOTAL DEREITOS |
|---------------------------------------|----------------------|------------------------|
| III Prezos públicos e outros ingresos | 6.594,75             | 25,53                  |
| IV Transferencias correntes           | 15.632,05            | 60,51                  |
| V Ingresos patrimoniais               | 106,93               | 0,41                   |
| VII Transferencias de capital         | 3.499,82             | 13,55                  |
|                                       | <b>25.833,55</b>     | <b>100,00</b>          |



### 1.- PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS:

Os dereitos liquidados en concepto de prezos públicos por servizos académicos ("taxas") e por prestación de servizos foron inferiores ás previsións presupostarias en **322,59 millóns de pesetas** (ver detalle cadro 4), debido fundamentalmente ó comportamento da recadación dos prezos de matrícula afectada pola diminución do número de alumnos matriculados por non liquidarse a matrícula dos beneficiarios de axudas por ser traballadores da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

### 2.- TRANSFERENCIAS CORRENTES:

Os dereitos liquidados por transferencias correntes son lixeiramente inferiores ás previsións presupostarias existindo un déficit de 4,19 millóns de pesetas por obtención de subvencións da Comunidade Autónoma lixeiramente inferiores ás presupostadas.

### 3.- INGRESOS PATRIMONIAIS:

A liquidación foi superior ás cifras presupostadas en **8,73 millóns de pesetas** debido fundamentalmente ó aumento da rendabilidade dos fondos de tesourería como consecuencia dun lixeiro repunte dos tipos de xuro.

### 4.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL:

Prodúcese un **déficit de 64,92** millóns de pesetas debido á diminucións das transferencias do **FEDER** con respecto ás presupostadas e que máis adiante explicaremos nos comentarios das diferentes partidas do capítulo 7.

### 5.- VARIACIÓN DE ACTIVOS FINANCEIROS:

Neste capítulo inclúense os créditos non obrigados a **31/12/99** incorporados ó **presuposto de 2000** e que correspondían a compromisos adquiridos ou ben a financiamento específico de actividades (investigación, congresos, cursos de posgrao, etc.), así como os **créditos iniciais financiados co remanente de tesourería non afectado** do exercicio anterior (1.501,33 millóns de pesetas). Proveñen, xa que logo, de dereitos liquidados en anos anteriores e non xeran ingresos no exercicio que comentamos.

- ◇ Unha vez presentada-las notas xerais por capítulo presupostario resulta importante mencionar que a cifra de **dereitos recoñecidos pendentes de cobro a 31/12/00** é de 3.774,77 millóns de pesetas e representa o 14,6% de tódolos dereitos recoñecidos (14,7% no ano anterior). A meirande parte destes dereitos foron cobrados nos primeiros meses deste ano (en concreto a 21/05/00 cobráronse 2.415,53 millóns) e, os que quedan pendentes, proceden fundamentalmente de subvencións da Xunta (sexenios de investigación, convenios, etc), MEC (por bolseiros), contratos con empresas e Unión Europea (FEDER, contratos, etc).
- ◇ No cadro 2 figuran as porcentaxes que cada fonte de financiamento representa sobre o conxunto dos ingresos da USC no período 1995-2000.

**CADRO 2: % FINANCIAMENTO POR CAPÍTULO (1995-2000)**

| <b>CAPÍTULO</b>                       | <b>1995</b>   | <b>1996</b>   | <b>1997</b>   | <b>1998</b>   | <b>1999</b>   | <b>2000</b>   |
|---------------------------------------|---------------|---------------|---------------|---------------|---------------|---------------|
| III Prezos públicos e outros ingresos | 19,20         | 20,84         | 21,67         | 22,47         | 22,17         | 25,53         |
| IV Transferencias correntes           | 66,32         | 67,73         | 66,05         | 59,68         | 55,96         | 60,51         |
| V Ingresos patrimoniais               | 0,44          | 0,63          | 0,65          | 0,51          | 0,39          | 0,41          |
| VI Alleamento de investimentos reais  | 0,00          | 0,00          | 0,00          | 0,72          | 0,00          | 0,00          |
| VII Transferencias de capital         | 14,04         | 10,80         | 11,63         | 16,62         | 16,62         | 13,55         |
| IX Variación de pasivos financeiros   | 0,00          | 0,00          | 0,00          | 0,00          | 4,86          | 0,00          |
| <b>TOTAL</b>                          | <b>100,00</b> | <b>100,00</b> | <b>100,00</b> | <b>100,00</b> | <b>100,00</b> | <b>100,00</b> |


O importe das “transferencias correntes” representa no período analizado a maior fonte de recursos, do 55,96 ó 67,73% dos mesmos, pero cunha tendencia marcada á baixa, situándose en segundo lugar os ingresos por “prezos públicos e outros ingresos”; a continuación figuran as transferencias de capital, que inclúen o financiamento por proxectos, convenios de investigación e obras, e, por último, unha **pequena participación dos ingresos derivados da rendabilización do patrimonio**, aparecendo en 1999 o **recurso ó endebedamento como fonte de financiamento aplicada ó programa de aforro e maior eficiencia enerxética**. O significativo incremento das transferencias de capital en 1998 e 1999 explícase pola xestión directa por parte da universidade dos créditos para investimentos que antes xestionaba directamente a Xunta de Galicia. O forte incremento do capítulo 3 en 2000 ven explicado polo aumento dos contratos e convenios de investigación tanto co sector privado como co sector público.

No cadro e gráfico 3 represéntanse, para o período 1997-2000, os ingresos liquidados por alumno en pesetas correntes e constantes, tendo en conta, para dar máis validez á análise, só os non vencellados a actividades específicas e eliminando as operacións financeiras e a facturación interna. Obsérvase que a cifra de dereitos se incrementa lixeiramente, tanto en pesetas correntes como en pesetas constantes, fundamentalmente debido á diminución do número de alumnos matriculados.

**CADRO 3: DEREITOS LIQUIDADOS E INCONDICIONADOS POR ALUMNO**

Dereitos recoñecidos sobre cifras do presuposto inicial (exclúense as partidas de financiamento condicionado)

| ANO  | 1997           | 1998           | 1999           | 2000           |
|--|----------------|----------------|----------------|----------------|
| Dereitos recoñecidos (millóns de ptas.)                    | 16.997,12      | 18.022,53      | 18.425,54      | 18.821,21      |
| Número de alumnos en centros propios                       | 41.137         | 41.189         | 40.819         | 40.016         |
| Dereitos recoñecidos por alumno (en ptas. correntes)       | 413.183        | 437.557        | 451.396        | 470.342        |
| Índice de deflación  | 100            | 102            | 104,5          | 107,9          |
| Dereitos recoñecidos por alumno (en ptas. constantes 1997) | <b>413.183</b> | <b>428.977</b> | <b>431.958</b> | <b>435.906</b> |



## 1.1.2. COMENTARIOS PARTICULARES ÓS INGRESOS DE CADA CAPÍTULO PRESUPUESTARIO.

### CAPÍTULO III: Prezos públicos e outros ingresos.

No cadro 4 figuran recollidos, por artigo presupostario, os dereitos recoñecidos nos tres últimos exercicios e as variacións de 2000 con respecto a 1999 e 1998; indícase tamén cal foi a participación relativa dos dous compoñentes deste capítulo: “**Prezos públicos**” e “**Outros ingresos**”. Os primeiros representan o 62% do financiamento total e diminúen con respecto ó exercicio anterior debido ó incremento producido pola prestación de servizos derivados da investigación que figuran incluídos no apartado de outros ingresos.

**CADRO 4: PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS. DEREITOS RECOÑECIDOS 1998-2000** (en millóns de pesetas)

| ARTIGO PRESUPUESTARIO                      | DEREITOS<br>RECOÑECIDOS<br>1998 | DEREITOS<br>RECOÑECIDOS<br>1999 | DEREITOS<br>RECOÑECIDOS<br>2000 | % VARIACIÓN<br>S/98 | % VARIACIÓN<br>S/99 |
|--|---------------------------------|---------------------------------|---------------------------------|---------------------|---------------------|
| 31 Prezos públicos por servizos académicos | 3.955,67                        | 4.080,52                        | 3.773,09                        | -4,62%              | -7,53%              |
| 32 Prestación de servizos                  | 854,10                          | 1.135,66                        | 2.075,66                        | 143,02%             | 82,77%              |
| 33 Venda de bens                           | 46,34                           | 47,00                           | 63,87                           | 37,83%              | 35,89%              |
| 38 Reintegros                              | 33,56                           | 90,73                           | 30,91                           | -7,90%              | -65,93%             |
| 39 Outros ingresos diversos                | 82,52                           | 82,37                           | 145,87                          | 76,77%              | 77,09%              |
| <b>TOTAIS</b>                              | <b>4.972,19</b>                 | <b>5.436,28</b>                 | <b>6.089,40</b>                 | <b>22,47%</b>       | <b>12,01%</b>       |
| 34 Facturación interna                     | 482,14                          | 474,94                          | 505,35                          |                     |                     |
| <b>TOTAIS DEREITOS</b>                     | <b>5.454,33</b>                 | <b>5.911,22</b>                 | <b>6.594,75</b>                 |                     |                     |

| AGRUPACIÓN ARTIGOS VALORES ABSOLUTOS     | 1998            | 1999            | 2000            |
|--|-----------------|-----------------|-----------------|
| OUTROS INGRESOS                          | 1.016,52        | 1.355,76        | 2.316,31        |
| PREZOS PÚBLICOS POR SERVICIOS ACADÉMICOS | 3.955,67        | 4.080,52        | 3.773,09        |
| <b>TOTAL CAPÍTULO</b>                    | <b>4.972,19</b> | <b>5.436,28</b> | <b>6.089,40</b> |

| AGRUPACIÓN ARTIGOS VALORES RELATIVOS     | 1998           | 1999           | 2000           |
|--|----------------|----------------|----------------|
| OUTROS INGRESOS                          | 20,44%         | 24,94%         | 38,04%         |
| PREZOS PÚBLICOS POR SERVICIOS ACADÉMICOS | 79,56%         | 75,06%         | 61,96%         |
| <b>TOTAL CAPÍTULO</b>                    | <b>100,00%</b> | <b>100,00%</b> | <b>100,00%</b> |

No detalle do cadro 4 aparecen desagregados por partidas singularizadas os diferentes tipos de ingresos. Nos comentarios seguintes deterémonos naqueles aspectos que consideramos máis significativos dentro dos artigos presupostarios con máis relevancia.

**DETALLE CADRO 4**

| ARTIGO PRESUPOSTARIO  | PREVISIÓNS INICIAIS | PREVISIÓNS DEFINITIVAS | DEREITOS RECOÑECIDOS |
|---|---------------------|------------------------|----------------------|
| <b>31 PREZOS PÚBLICOSPOR SERVICIOS ACADÉMICOS</b>             |                     |                        |                      |
| <b><u>Estudios oficiais</u></b>                               |                     |                        | <b>3.300,64</b>      |
| Estudios 1º e 2º ciclos                                       |                     |                        | 3.165,03             |
| Matrícula 3º ciclo  |                     |                        | 82,14                |
| ICE-CAP   |                     |                        | 47,32                |
| Outros prezos   |                     |                        | 6,15                 |
| <b><u>Estudios non oficiais</u></b>                           |                     |                        | <b>472,45</b>        |
| Cursos posgrao  |                     |                        | 268,44               |
| Cursos especialización e outros cursos                        |                     |                        | 25,07                |
| Matrícula titulacións propias                                 |                     |                        | 42,21                |
| Matrícula 4º ciclo  |                     |                        | 1,61                 |
| Aulas informáticas  |                     |                        | 17,43                |
| Instituto de Idiomas  |                     |                        | 74,06                |
| Cursos de verán   |                     |                        | 11,36                |
| Criminoloxía  |                     |                        | 14,28                |
| Práctica Xurídica (bienios)                                   |                     |                        | 10,17                |
| Expedición títulos propios                                    |                     |                        | 7,82                 |
| <b>TOTAL ARTIGO 31</b>  | <b>3.752,60</b>     | <b>4.128,13</b>        | <b>3.773,09</b>      |
| <b>32 PRESTACIÓN DE SERVICIOS</b>                             |                     |                        |                      |
| <b>Inscripcións en xornadas,congresos,etc.</b>                |                     |                        | <b>33,54</b>         |
| <b>Aloxamento Sistema Univ. Residencias</b>                   |                     |                        | <b>293,06</b>        |
| <b>Servicios Investigación</b>                                |                     |                        | <b>1.624,90</b>      |
| Feuga: custos indirectos e nóminas                            |                     |                        | 61,43                |
| A organismos públicos en entidades sen fins de lucro          |                     |                        | 934,90               |
| A empresas  |                     |                        | 625,13               |
| Servicios xerais investigación                                |                     |                        | 3,44                 |
| <b>Outros servicios prestados</b>                             |                     |                        | <b>124,16</b>        |
| Extensión Universitaria Deportes                              |                     |                        | 23,71                |
| Escola infantil Breogán                                       |                     |                        | 15,27                |
| Imprenta  |                     |                        | 15,62                |
| Servimav  |                     |                        | 3,44                 |
| Atencións clínicas Odontoloxía                                |                     |                        | 37,74                |
| Bibliotecas   |                     |                        | 10,41                |
| Dereitos de oposicións e concursos                            |                     |                        | 5,69                 |
| Outros  |                     |                        | 12,28                |
| <b>TOTAL ARTIGO 32</b>  | <b>815</b>          | <b>2.071,85</b>        | <b>2.075,66</b>      |
| <b>33 VENDA DE BENS</b>                                       |                     |                        |                      |
| Publicacións  |                     |                        | 15,08                |
| Fotocopias e outros   |                     |                        | 0,17                 |
| Sobres matrícula  |                     |                        | 48,62                |
| <b>TOTAL ARTIGO 33</b>  | <b>35,00</b>        | <b>47,11</b>           | <b>63,87</b>         |
| <b>38 REINTEGROS</b>  |                     |                        |                      |
| Varios  |                     |                        | 11,55                |
| Anuncios contratación   |                     |                        | 4,36                 |
| Compensacións concesionarios                                  |                     |                        | 15,00                |
| <b>TOTAL ARTIGO 38.</b>                                       | <b>25</b>           | <b>31,42</b>           | <b>30,91</b>         |
| <b>39 OUTROS INGRESOS DIVERSOS</b>                            |                     |                        |                      |
| Bonificacións bancarias                                       |                     |                        | 2,03                 |
| Bolsas Isep   |                     |                        | 2,09                 |
| Complemento asistencial Rof-Codina                            |                     |                        | 6,84                 |
| Compensacións impostos e pagamento delegado Seguridade Social |                     |                        | 82,54                |
| Varios  |                     |                        | 52,37                |
| <b>TOTAL ARTIGO 39</b>  | <b>2,00</b>         | <b>133,49</b>          | <b>145,87</b>        |
| <b>TOTAL CAPÍTULO III SEN FACTURACIÓN INTERNA</b>             | <b>4.629,60</b>     | <b>6.412,00</b>        | <b>6.089,40</b>      |

**34 FACTURACIÓN INTERNA**

|                                      |                 |                 |                 |
|--------------------------------------|-----------------|-----------------|-----------------|
| Imprenta                             |                 |                 | 137,36          |
| Servimav                             |                 |                 | 28,40           |
| Servicio de Comunicacións            |                 |                 | 5,05            |
| Servicio de Xestión Económica        |                 |                 | 103,17          |
| Sistema Universitario de Residencias |                 |                 | 11,02           |
| Servicios xerais de investigación    |                 |                 | 5,71            |
| Vicexerencia Lugo                    |                 |                 | 18,7            |
| Outros                               |                 |                 | 195,94          |
| <b>TOTAL ARTIGO 34</b>               | <b>0</b>        | <b>505,34</b>   | <b>505,35</b>   |
| <b>TOTAL CAPÍTULO III</b>            | <b>4.629,60</b> | <b>6.917,34</b> | <b>6.594,75</b> |

**ARTIGO 31.PREZOS PÚBLICOS.**

Os dereitos recoñecidos por prezos públicos de estudos oficiais acadaron o importe de 3.300,64 millóns de pesetas e as previsións de ingreso 3.638 millóns, producíndose, por tanto, un déficit por este concepto de 337,36 millóns de pesetas. Tal e como comentamos anteriormente dúas foron as causas deste desfase: o descenso do número de alumnos e créditos matriculados e a non compensación das matrículas gratuítas do persoal da Consellería de Educación.

**Observacións:**

- Os ingresos de prezos pola matriculación nas probas de acceso á Universidade non están incluídos na liquidación do presuposto de ingresos da USC, xa que, por convenio entre as tres Universidades de Galicia, encargouse da liquidación dos gastos e ingresos das probas a Comisión Interuniversitaria do Distrito Universitario Único de Galicia (CIUG), figurando no presuposto da Universidade só a parte que tivo que aportarse para cubri-la diferenza entre os ingresos e os gastos, que aparece rexistrada no Capítulo IV de Gastos, en concepto de transferencia corrente da USC á CIUG, aspecto que aparece explicado nos apartados 1.2.1 e 1.2.3 desta Memoria.
- Inclúese na liquidación a matrícula gratuíta na USC do persoal das tres Universidades de Galicia como operación que se formaliza -sen saída nin entrada material de fondos- como pagamento e ingreso polo mesmo importe nos presupostos de gastos e ingresos. Do mesmo xeito opérase coas matrículas do programa ERASMUS pola estimación do saldo negativo de alumnos que fan o intercambio e do custo da matrícula gratuíta do Instituto de Idiomas.

**Criterios contables**

1. O período de liquidación considerado é o seguinte: **Do 31/01/00 ó 31/01/01** considerándose -como en anos anteriores- que a recadación efectuada no mes de xaneiro de 2001 é totalmente imputable a dereitos recoñecidos en 2000 e pendentes de cobro. Trátase, fundamentalmente, dos segundos prazos de matrícula.
2. Considéranse dereitos recoñecidos pendentes de cobro a 31/12/00 os seguintes:

a) **Os ingresos efectuados en xaneiro de 2001** nas contas correntes de prezos públicos e que **efectivamente sexan prezos públicos**, asociados á matrícula do curso 2000/01. Exclúense, por tanto, aqueles ingresos que, erroneamente ingresados nas contas de prezos, son aplicados a outras partidas presupostarias, ou ben aqueles outros que sendo prezos non están asociados á matrícula.

b) Os ingresos efectuados con posterioridade a xaneiro de 2001 comprendendo o importe da **recadación de prezos de matrícula do mes de febreiro e os importes das matrículas por denegación de bolsa do MEC cos datos subministrados pola sección de bolsas en base as estimacións feitas polo programa informático de xestión académica**. A estes efectos compre dicir que xurdiron problemas coa nova aplicación de xestión académica (AXA) e a súa convivencia coa antiga que impediron ter datos máis exactos sobre as cantidades debidas por prezos públicos.

c) A **compensación do MEC** polo importe das matrículas non satisfeitas de **alumnos bolseiros** por importe de 572,75. Este importe avalíase no cálculo efectuado pola sección de bolsas con data 30/03/01.

d) A compensación do MEC polos alumnos de **familia numerosa de tres fillos** por importe de 167,3 millóns de pesetas. Por ausencia de datos no cerre da contabilidade estimouse a cantidade do curso anterior reducida nun 5%.

#### **ARTIGO 32. PRESTACIÓN DE SERVICIOS.**

As variacións máis significativas con respecto ó ano anterior son as seguintes:

- Os dereitos de matrícula en estudos non oficiais aumentaron nun 4,8 %, pasando de 450,73 millóns de pesetas en 1999 a 472,45 millóns en 2000; non obstante, prodúcese unha diminución na matrícula de cursos de posgrao do 6,22%, compensada pola iniciación no curso 2000/2001 de dúas titulacións propias: Enxeñería ambiental e Xerontoloxía.
- Os dereitos de inscrición en congresos e xornadas diminuíron significativamente con respecto a 1999 (pasaron de 86 millóns de pesetas en 1999 a 33,54 millóns no 2000) debido a que nese ano celebrouse o Xacobeo 99.
- O importe dos contratos e convenios por servizos de investigación xestionados directamente pola USC incrementáronse considerablemente, nun 143%, pasándose de 666,21 millóns do ano anterior a 1.624,9 millóns de pesetas no actual. É necesario, non obstante, matizar este incremento, pois os convenios con administracións antes contabilizábanse no capítulo 7 e agora no capítulo 3, seguindo as recomendación do Consello de Contas de Galicia. Sí é válida a comparación da cifra de contratos con empresas que pasaron dun exercicio a outro de 479,37 a 625,13 millóns de pesetas, o que significa unha taxa de variación interanual do 30,4%.

#### **ARTIGO 34. FACTURACIÓN INTERNA**

- Desde o ano 1996 a facturación que se realiza internamente na USC -os denominados cargos internos- trátase contablemente como ingreso no centro emisor (centro que presta o servizo ou subministra as mercancías) e como pagamento no centro receptor (aplicación presupostaria que soporta o gasto). A consecuencia disto, o presuposto de ingresos, e correlativamente o de gastos, vense incrementados polo volume anual destas operacións, que representan en total 505,35 millóns de pesetas, cifra situada no entorno da correspondente ós catro anos anteriores (482,53, 484,53, 482,14 e 474,94 millóns de pesetas en 1996, 1997, 1998 e 1999, respectivamente). Estas operacións non orixinan movementos de fondos de tesourería posto que se realizan en "formalización" (sen saída material de fondos).
- No detalle do cadro 4 indicamos os diferentes centros emisores de cargos internos e as cantidades que facturan.

#### **CAPÍTULO IV. Transferencias correntes.**

No cadro 5 detállanse por artigo presupostario os dereitos recoñecidos comparándoos cos dos dous exercicios previos (desagregase por partida presupostaria no detalle do cadro 5).

**CADRO 5: TRANSFERENCIAS CORRENTES. %**

| ARTIGO PRESUPUESTARIO              | DEREITOS<br>RECOÑECIDOS 1998 | DEREITOS<br>RECOÑECIDOS 1999 | DEREITOS<br>RECOÑECIDOS 2000 | VARIACIÓN<br>s/98 | VARIACIÓN<br>s/99 |
|------------------------------------|------------------------------|------------------------------|------------------------------|-------------------|-------------------|
| 40 Administración do Estado        | 35,25                        | 19,05                        | 74,31                        | 110,81%           | 290,08%           |
| 41 Organismos Autónomos adtvos     | 19,66                        | 13,03                        | 24,83                        | 26,30%            | 90,56%            |
| 44 Outros entes públicos           | 53,18                        | 65,60                        | 64,36                        | 21,02%            | -1,89%            |
| 45 Comunidades Autónomas           | 14.155,32                    | 14.641,36                    | 15.209,10                    | 7,44%             | 3,88%             |
| 46 Corporacións locais             | 2,69                         | 0,75                         | 4,20                         | 56,13%            | 460,00%           |
| 47 Empresas Privadas               | 45,92                        | 45,89                        | 170,36                       | 270,99%           | 271,24%           |
| 48 Familias e inst. sen fins lucro | 74,10                        | 76,82                        | 66,11                        | -10,78%           | -13,94%           |
| 49 Exterior                        | 101,75                       | 58,86                        | 18,78                        | -81,54%           | -68,09%           |
| <b>TOTAL CAPÍTULO IV</b>           | <b>14.487,87</b>             | <b>14.921,36</b>             | <b>15.632,05</b>             | <b>7,90%</b>      | <b>4,76%</b>      |

| AGRUPACIÓN ARTIGOS    | IMPORTE          | % S/TOTAL     |
|-----------------------|------------------|---------------|
| Comunidades Autónomas | 15.209,10        | 97,29         |
| Outros                | 422,95           | 2,71          |
| <b>TOTAL</b>          | <b>15.632,05</b> | <b>100,00</b> |

- O artigo presupuestario máis importante deste Capítulo está constituído polas transferencias correntes da Comunidade Autónoma, que experimentan un incremento dun 3,04% (en pesetas correntes e financiamento incondicionado) sobre o ano anterior no que o crecemento fora do 3,43%. As partidas que compoñen o financiamento incondicionado procedente do presuposto da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria son as seguintes:

ESTIMACIÓN CUSTO CRÉDITOS IMPARTIDOS ..... 14.411,75 (millóns de pesetas)

COMPLEMENTO MÉRITO INVESTIGADOR..... 207,2 “ “

TOTAL..... 14.618,95

O plano de financiamento rematou en 1996 e produciuse para 1997 unha prórroga que mantivo o mesmo número de alumnos e módulo que no ano anterior cun insuficiente incremento do 0,36% (nin sequera o IPC previsto). Sen embargo, para os anos 1998 e 1999 negociouse un acordo de financiamento que, sobre a base de mante-lo mesmo módulo por alumno, supuxo un incremento do 2,85% (2,1 % de IPC e 0,75 % adicional) para 1998 e, do IPC máis un punto para 1999. Para o período **2000-2003** asinou o **Acordo de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia** entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Economía e Facenda e as tres Universidades de Galicia. Este Acordo, polo que se refire ás transferencias correntes, estima o custo dos créditos impartidos tendo en conta fundamentalmente a estrutura e custo promedio dos cadros de persoal actuais e un índice de experimentalidade das titulacións impartidas. O número de créditos impartidos multiplícase pola estimación de custo e obtense o financiamento incondicionado, ó que hai que sumarlle o custo do complemento por mérito investigador, que coincide co importe da cantidade realmente gastada e certificada por cada universidade (agás para o ano 2000 no que se estableceu unha cantidade determinada a repartir entre as tres universidades).

- Procedentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e da Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento obtivéronse outras transferencias que enumeramos a continuación:



| CONCEPTO  | IMPORTE<br>(en millóns de pesetas) |
|---|------------------------------------|
| Consolidación da calidade .....                                       | 17,78                              |
| Bolsas terceiro ciclo .....   | 36,84                              |
| Implantación gradual Distrito Aberto.....                             | 23,00                              |
| Bolsas convocatorias propias (comedor) .....                          | 22,17                              |
| Profesores Visitantes .....   | 4,66                               |
| Congresos, xornadas,etc .....   | 2,05                               |
| Normalización Lingüística .....                                       | 7,58                               |
| Cursos de Especialización .....                                       | 7,55                               |
| Prácticas de Campo .....  | 2,56                               |
| Voluntariado .....  | 2,00                               |
| Consecución equilibrio presupostario e contención endebedamento ..... | 217,91                             |

A última subvención indicada anteriormente provén do convenio de colaboración entre a Administración Xeral do Estado, a Comunidade Autónoma de Galicia e as tres Universidades de Galicia para a consecución do equilibrio presupostario e a contención do endebedamento. A cifra total do mesmo é de 1.965 millóns de pesetas (1.438 millóns aportaraos o Estado e 527 a Comunidade Autónoma) e abrangue o período 2000-2003.

#### DETALLE CADRO 5

| ARTIGO PRESUPOSTARIO                              | PREVISIÓNS INICIAIS | PREVISIÓNS DEFINITIVAS | DEREITOS<br>RECOÑECIDOS |
|---|---------------------|------------------------|-------------------------|
| <b>40 ADMINISTRACIÓN DO ESTADO</b>                |                     |                        |                         |
| MEC   |                     |                        | 74,31                   |
| <b>TOTAL ARTIGO 40</b>                            | <b>0</b>            | <b>74,31</b>           | <b>74,31</b>            |
| <b>41 ORGANISMOS AUTÓNOMOS</b>                    |                     |                        |                         |
| <b>ADMINISTRATIVOS</b>                            |                     |                        |                         |
| Consello Superior de Deportes                     |                     |                        | 3,15                    |
| Instituto Galego de Promoción Económica           |                     |                        | 3,72                    |
| Escola Galega de Administración Pública           |                     |                        | 3,42                    |
| Instituto Galego Artes Escénicas e Musicais       |                     |                        | 4,50                    |
| Instituto de la Mujer                             |                     |                        | 0,94                    |
| Instituto Galego de Estatística                   |                     |                        | 0,60                    |
| Servicio Galego de Promoción da Igualdade         |                     |                        | 6,00                    |
| Instituto Galego da Vivenda e Solo                |                     |                        | 2,50                    |
| <b>TOTAL ARTIGO 41.</b>                           | <b>0</b>            | <b>24,83</b>           | <b>24,83</b>            |
| <b>44 OUTROS ENTES PÚBLICOS</b>                   |                     |                        |                         |
| Consortio de Santiago                             |                     |                        | 60,00                   |
| Parlamento de Galicia                             |                     |                        | 1,30                    |
| Consejo General del Poder Judicial                |                     |                        | 3,06                    |
| <b>TOTAL ARTIGO 44</b>                            | <b>0</b>            | <b>64,36</b>           | <b>64,36</b>            |
| <b>45 COMUNIDADES AUTÓNOMAS</b>                   |                     |                        |                         |
| <b>Consellerías e Organismos Xunta de Galicia</b> |                     |                        |                         |
| Educación e Ordenación Universitaria              |                     |                        | 14.963,41               |
| Cultura, Comunicación Social e Turismo            |                     |                        | 8,87                    |
| Industria e Comercio                              |                     |                        | 12,40                   |
| Economía e Facenda                                |                     |                        | 15,50                   |
| Sanidade  |                     |                        | 0,60                    |
| Xustiza e Interior                                |                     |                        | 23,50                   |
| Pesca, Marisqueo e Acuicultura                    |                     |                        | 2,50                    |
| Familia e Prom. Emprego, Muller e Xuventude       |                     |                        | 131,36                  |
| Medio Ambiente                                    |                     |                        | 27,50                   |
| Secretaría Xeral de Investigación                 |                     |                        | 23,46                   |
| <b>TOTAL ARTIGO 45</b>                            | <b>14.891,00</b>    | <b>15.213,79</b>       | <b>15.209,10</b>        |
| <b>46 CORPORACIÓNS LOCAIS</b>                     |                     |                        |                         |

|   |                  |                  |                  |
|---|------------------|------------------|------------------|
| Federación Galega de Municipios             |                  |                  | 2,20             |
| Deputación de Lugo                          |                  |                  | 2,00             |
| <b>TOTAL ARTIGO 46</b>                      | <b>0</b>         | <b>4,20</b>      | <b>4,20</b>      |
| <b>47 EMPRESAS PRIVADAS</b>                 |                  |                  |                  |
| Banco Central-Hispano                       |                  |                  | 140,00           |
| Banco Pastor                                |                  |                  | 20,00            |
| Mútua Galega Accidentes Trabajo             |                  |                  | 6,50             |
| Outros                                      |                  |                  | 3,86             |
| <b>TOTAL ARTIGO 47</b>                      | <b>160,00</b>    | <b>169,86</b>    | <b>170,36</b>    |
| <b>48 FUNDACIÓNS E PARTICULARES</b>         |                  |                  |                  |
| Fundación Barrié                            |                  |                  | 5,20             |
| Caixa Galicia - Claudio Sanmartín           |                  |                  | 51,50            |
| Colexio Avogados de Santiago                |                  |                  | 1,60             |
| Caixanova                                   |                  |                  | 3,50             |
| Fundación Galicia-Europa                    |                  |                  | 0,95             |
| Colexio Avogados de Ourense                 |                  |                  | 0,35             |
| Fundación Dintel                            |                  |                  | 0,08             |
| Colexio Oficial Enxeñeiros. Técn. Agrícolas |                  |                  | 2,18             |
| Colexio Oficial Enxeñeiros Agrónomos        |                  |                  | 0,75             |
| <b>TOTAL ARTIGO 48</b>                      | <b>50,00</b>     | <b>66,11</b>     | <b>66,11</b>     |
| <b>ARTIGO 49 EXTERIOR</b>                   |                  |                  |                  |
| Unión Europea                               |                  |                  | 17,49            |
| Instituto Camoes                            |                  |                  | 1,29             |
| <b>TOTAL ARTIGO 49</b>                      | <b>0,00</b>      | <b>18,78</b>     | <b>18,78</b>     |
| <b>TOTAL CAPÍTULO IV</b>                    | <b>15.101,00</b> | <b>15.636,24</b> | <b>15.632,05</b> |

No cadro 6 amósase a subvención incondicionada por alumno procedente das transferencias do antigo plano de financiamento (módulo\*alumno) durante o período 1997 a 1999 e do novo acordo de financiamento para o 2000, en pesetas correntes e constantes.

**CADRO 6: SUBVENCIÓN INCONDICIONADA.** (MÓDULO \* Nº ALUMNOS PREVISTOS OU CUSTO ESTIMADO CRÉDITOS IMPARTIDOS) (Pesetas correntes e constantes)

|  | 1997           | 1998           | 1999           | 2000           |
|--|----------------|----------------|----------------|----------------|
| Subvencións (millóns ptas.)                                    | 13.036,00      | 13.409,58      | 13.787,50      | 14.411,75      |
| Número de alumnos, Centros propios (curso que finaliza no ano) | 41.137         | 41.189         | 40.819         | 40.016         |
| Subvención por alumno (ptas.correntes)                         | 316.892        | 325.562        | 337.772        | 360.150        |
| Índice de deflación  | 100            | 102            | 104,5          | 107,9          |
| <b>SUBVENCIÓN POR ALUMNO (ptas. constantes 1997)</b>           | <b>316.892</b> | <b>319.179</b> | <b>323.226</b> | <b>333.781</b> |

## CAPÍTULO V. INGRESOS PATRIMONIAIS

